

**PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN  
COVID 19**

**CPR PLURILINGÜE LOSADA  
CURSO 2020-2021**

## Tabla de contenido

<b>MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA .....</b>	<b>3</b>
<b>MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL .....</b>	<b>10</b>
<b>MEDIDAS DE LIMPEZA .....</b>	<b>11</b>
<b>MATERIAL DE PROTECCIÓN .....</b>	<b>12</b>
<b>XESTIÓN DOS ABROCHOS .....</b>	<b>13</b>
<b>XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE.....</b>	<b>17</b>
<b>MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO .....</b>	<b>17</b>
<b>MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS .....</b>	<b>19</b>
<b>MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO.....</b>	<b>21</b>
<b>MEDIDAS NO COMEDOR .....</b>	<b>21</b>
<b>MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS .....</b>	<b>21</b>
<b>MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS.....</b>	<b>22</b>
<b>MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA .....</b>	<b>23</b>
<b>MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES.....</b>	<b>24</b>
<b>NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE .....</b>	<b>24</b>
<b>PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO .....</b>	<b>25</b>
<b>MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGOXICO .....</b>	<b>26</b>

## ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”

### MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

#### 1) Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

CPR. LOSADA  
Baixada o Capitán 31-37  
Edif. Principal-secretaría 986986266247  
Edif. Educación Infantil 986253248

#### 2) Membros do equipo COVID

Dña Clara E. Liz Losada (Directora) - Coordinadora. Tfno: 686562734

##### Funcións:

Nomear membros e suplentes do Equipo COVID

Interlocución coa administración e co Centro de Saúde de referencia.

Coordinación do equipo COVID

Xestionar a adquisición de material de protección necesario.

Comunicación de casos.

Juan M. Daponte Codina (Xefe de Estudos-Orientador) Tfno: 607945374

##### Funcións:

Coordinar as entradas e saídas do alumnado

Difundir a información aos docentes, familia, alumnado EP, EI

Elevar as propostas do profesorado de EI, EP

Encargado do acompañamento do alumnado en caso de illamento

Jose Carlos Pérez Somoza ( coordinador secundaria) Tfno: 677317360

##### Funcións:

Coordinar as entradas e saídas do alumnado da ESO

Difusión da información ao profesorado familias e alumnado ESO

Elevar as propostas do profesorado de EI, EP

#### 3) Centro de Saúde de referencia

Centro de Saúde Lavadores C/Primeira Travesía de Barreiro 36  
Teléfono 986260552  
Responsable COVID Carmen Durán Santos

#### 4) Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.

No edificio de E. Primaria e ESO o illamento se realizará na Enfermería.

Recinto illado do resto do centro (planta entrechán) que inclúe:

padiola, termómetro dixital, papeleira pechada con pedal, panos desbotables, xel hidroalcolico, ventá para ventilación.

No edificio de E. Infantil o illamento farase na sala de entrevistas.

Recinto illado do resto do centro (planta baixa do centro ) que inclúe:

ventá de ventilación, inclúe padiola, papeleira pechada con pedal, panos desbotables, xel hidroalcolico, ventá para ventilación.

#### 5) Número de alumnos por nivel e etapa educativa (utilizar un cadro).

CURSO	Nº ALUMNOS		
4ºEI	23		
5ºEI	24		
6ºEI	24	TOTAL EI	71
1ºEP	20		
2ºEP	20		
3ºEP	25		
4ºEP	24		
5ºEP	24		
6ºEP	26	TOTAL EP	139
1ºESO	28		
2ºESO	24		
3ºESO	29		
4ºESO	25	TOTAL ESO	106
		TOTAL CENTRO	316

#### 6) Cadro de persoal con enderezo e teléfono de contacto (os teléfonos pódense ocultar no caso da versión para a distribución do Protocolo).

PROFESOR/A
Alonso Lorenzo, Eva
Barros Castro, Ana
Bouzas Campos, Esther
Castro Filgueira, Andrea
Castro Álvarez, José
Daponte Codina, Juan M.
Díaz Fonte, Julio
Fernández González, Adrián
García Rodríguez, Encarnación
González Crespo, Carlos
González Márquez, Ángeles

González Navós, Tamara
González Varela, Marta
Lima García, Paula
Liz Losada, Clara E.
López Alonso, Ana M <sup>a</sup>
Lozano Vázquez, Celia
Martín Martínez, M <sup>a</sup> Belén
Martínez Vidal, M <sup>a</sup> Jesús
Molares Lusquiños, M <sup>a</sup> Jesús
Montes Díaz, Janire
Núñez Andrade, Rubén
Pellitero Soto, Mariano
Pérez Somoza, José Carlos
Pérez Vázquez, Ángel
Vázquez Touza, M <sup>a</sup> Ilda
Sueiro Cardoso, M <sup>a</sup> Luisa

Determinación do grupos estables de convivencia, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan materias ao grupo.

#### EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO	AULA	Nº ALUMNOS	TITOR	ESPECIALISTAS
4ºEI		23	EVA	ANDREA-PT/ JANIRE Inglés-STEM
5ºEI		24	PAULA	ANDREA-PT/ JANIRE Inglés-STEM
6ºEI		24	ANXO	ANDREA-PT/ JANIRE Inglés-STEM

#### EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO	AULA	Nº ALUMNOS	TITOR	ESPECIALISTAS
1ºEP		20	JANIRE L.C.-Soc.Sc.-	ÁNGELES- Matemáticas/ADRIÁN Nat.Sc./RUBÉN-EF./ M <sup>a</sup> JESÚS- Inglés/ENCARNA- Relixión/JOSE-Música / ANDREA Galego- Plástica
2ºEP		20	ENCARNA L.G.-L.C.- Plástica-Relix	ÁNGELES- Matemáticas/ADRIÁN Nat.Sc./RUBÉN-EF./ M <sup>a</sup> JESÚS-

				Inglés/JOSE-Música /JANIRE Soc.Sc.
3ºEP		25	Mª JESÚS Inglés-	ADRIÁN- Matemáticas- Nat.Sc/ ANA L. Soc. Sc./RUBÉN-EF./ Mª JESÚS-Inglés/ANA L. Soc. Sc./ENCARNA- Relixión-Plastica- Galego/JOSE- Música/ANA B. P.Lector
4ºEP		24	RUBÉN E.F.-L.G.-AfL	ADRIÁN- Matemáticas-Nat.Sc- Soc. Sc./ Mª JESÚS- Inglé/JOSE-Música / ANA B. Relixión- P.Lector/ANDREA- Plástica
5ºEP		24	ANA L. Inglés- Nat.Soc.- Soc.Sc-Stem	ÁNGELES- Matemáticas/ Mª JESÚS-Inglés/ANA B.- Relixión/JOSE-Música / RUBÉN-Galego- E.F./ANA B.-P. Lector- Relixión
6ºEP		26	ÁNGELES Matemáticas- AfM	ANA L.-Inglés-Stem- Nat. SC./SOMOZA- Sociais ./RUBÉN-EF./ Mª JESÚS-Inglés/Ana B.-Relixión- P.Lector/JOSE- Música-Galego

#### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CURSO	AULA	Nº ALUMNOS	TITOR	ESPECIALISTAS
1ºESO		28	CELIA	Somoza, Belén, María, Celia, Clara, Juan, Silvia, Julio
2ºESO		21	BELÉN	Somoza, Belén, María, Celia, Clara; Juan, Carlos Julio, Tamara

3ºESO		23	MARÍA	Somoza, Belén, María, Celia, Clara, Silvia, Julio, Tamara, Mariano, Carlos
4ºESO		18	SOMOZA	Somoza, Belén, María, Celia, Clara, Julio, Mariano, Tamara

8) Medidas específicas para os grupos estables de convivencia, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas a realidade do centro e do grupo.

#### EDUCACION INFANTIL

O centro de Educación Infantil é un centro independente do centro de E. Primaria e ESO. Os grupos de E. Infantil de 4º, 5º e 6º constituiríanse en grupos estables de convivencia. Dentro do centro de EI non terán contacto con ningún dos outros grupos, para elo non compartirían nin espazos a hora de realizar actividades educativas, nin a hora do recreo nin nas entradas e saídas que serán sempre diferenciadas dos outros cursos.

En cada curso haberá grupos estables de traballo de non máis de 6 alumnos e serán sempre os mesmos alumnos, e utilizarán sempre o mesmo espazo, mesas, cadeiras e material didáctico. Os grupos terá unha separación a 1,5 m entre eles.

O material de traballo que sexa común para cada un dos grupos de traballo segundo a mesa de traballo será entregado en gabetas diferenciadas e desinfectaranse todos os días o remate das clases.

Todo o profesorado estará sempre provisto de máscara e se é preciso de pantalla.

Os recreos tamén se realizarán de forma independente e sempre que o tempo o permita na parte exterior do centro, só un grupo estará no recreo o mesmo tempo. As saídas e entradas o recreo os grupos o farán sempre polo mesmo acceso o centro que cando as entradas e saídas. Sempre estarán co profesorado que os atende na aula.

Recomendarase o uso da máscara ao alumnado.

#### EDUACION PRIMARIA

Os grupos de 1º a 6º EP constituiríanse en grupos estables de convivencia e non terán contacto con ningún dos outros grupos do centro.

Entrarán e sairán en distintos horarios do centro.

Entrarán e sairán directamente das clases. Nas clases o alumnado estará sentado individualmente e cunha distancia mínima de 1,20 m.

Na circulación do grupo polo centro sempre o farán pola dereita, sen cruzarse con ninguén e por un itinerario determinado, mantendo sempre a distancia social de 1,5 metros que estará marcada no chan.

A hora do recreo farase en dúas quendas, sairán de 1º a 3º de E.P. nunha quenda e de 4º a 6º de EP noutra.

No espazo do recreo que sempre que sexa posible será ao aire libre, cada un dos grupos terá un espazo diferenciado dos outros grupos que estean nese momento no recreo, terán posta a máscara e manterán a distancia de 1.50 metros. As zonas destinadas ao recreo estarán marcadas a tal fin.

O material para utilizar nas aulas será sempre individual, o terá cada alumno na súa mesa. O material de traballo para a clase de matemáticas Singapur tamén será de uso individual e cada alumno terá o seu nunha gabeta. Nas clases de E. Física o alumnado manterá igualmente a distancia social de 1,5 metros e limitarase o uso de material compartido. O material utilizado nas clases será desinfectado tras cada uso.

## ESO

Os grupos de 1º a 4º ESO serán grupos estables e non terán contacto con ningún dos outros grupos do centro.

Nas clases o alumnado estará sentado individualmente e cunha distancia mínima de 1,50 m.

Entrarán e sairán do centro en distintos horarios ao alumnado de E. Primaria.

Entrarán e sairán directamente das clases.

Na circulación do grupo polo centro sempre o farán pola dereita, sen cruzarse con outros grupos e por un itinerario determinado, mantendo sempre a distancia social de 1, 5 metros que estará marcada no chan.

A hora do recreo farase nunha quenda só para o alumnado da ESO,.

No espazo do recreo que sempre que sexa posible será o aire libre, cada un dos grupos terá un espazo diferenciado dos outros grupos que estean nese momento no recreo. Terán posta a máscara e manterán a distancia de 1.50 metros. As zonas destinadas ao recreo estarán marcadas a tal fin.

O material para utilizar nas aulas será sempre individual, o terá cada alumno na súa mesa. Nas clases de E. Física o alumnado manterá igualmente a distancia social de 1,5 metros e limitarase o uso de material compartido. O material utilizado nas clases será desinfectado tras cada uso.

Nas clases que sexa preciso realizar desdobre do alumnado sempre se utilizará a mesma clase para realizalo, esta sempre será desinfectada unha vez remate o seu uso.

9) Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.

A transmisión ao centro por parte do alumnado ou pais e nais, persoal docente e resto do persoal do centro farase de xeito telefónico.



#### 10) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Cada un dos profesores rexistrará a primeira hora da mañá os alumnos/as que faltan. Comunicaran aos titores quen se comunicaran coa familia para saber o motivo.

Despois comunicarán á secretaría do centro, e comunicará a un membro da Comisión COVID do centro aqueles casos susceptibles de COVID 19.

Todo elo será rexistrado nas follas habituais de asistencia do alumnado e logo rexístranse no XADE.

No centro existe un Modelo de rexistro por sintomatoloxía COVID

#### 11) Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas.

Aviso ao coordinador COVID-19

O coordinador establecerá a comunicación coas autoridades sanitarias e a familia do alumno afectado.

Pasos:

Chamada telefónica á familia.

Chamada telefónica ao Centro de Saúde de referencia.

Comunicación coa Xefatura Territorial de Sanidade.

Subida de datos á aplicación informática provista pola Consellería

## MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12) Croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croques xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado. (en documento aparte)

Disposición de pupitres das aulas en modelo xeral. Infórmase en documento aparte.

13) Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínima identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.

Debido o número de alumnos nos seguintes cursos as aulas trasládanse do lugar habitual:

1º da ESO pasará ao salón de actos

2º da ESO ao laboratorio

3º da ESO pasará a aula de Plástica

4º ESO a biblioteca

14) Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro.

Nestas aulas se utilizarán sempre as máscaras e pantallas protectoras.

Dependendo de idade e situación os rapaces serán acompañados ás aulas.

O alumnado que asista tanto a aula de E.E. como a de reforzo na medida do posible serán alumnos do mesmo curso. Na aula de E.E. dotarase cunha mampara de separación entre os alumnos.

Se é posible e convinte, o docente será quen asista ás aulas ordinarias para realizar os reforzos.

Despois da asistencia do alumnado farase unha ventilación de alomenos 5 minutos da aula.

Como modelo de cuestionario empregarase o que figura no protocolo, que irá anexo ao plan

15) Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

Sempre coma ata agora farase con cita concertada previamente co titor ou docente implicado.

As entrevistas faranse por norma, vía telefónica ou telemática.

Situacións excepcionais: farase de xeito presencial no espazo de entrevistas coas medidas adecuadas e nun horario que se evite o contacto co alumnado.

Como sempre estas titorías faranse no horario destinado para tal fin.

#### 16) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.

Coas familias a comunicación será a través da Plataforma educativa do colexio ou pola páxina web do centro.

Con persoal alleo ao centro, vía telefónica ou telemática.

#### 17) Uso da máscara no centro.

Será permanente en todos os espazos do centro e nas aulas tanto na E. Primaria como na ESO.

O mesmo para todos os docentes e demais persoal do centro

O alumnado de E. I. recomendarase o seu uso no centro.

#### 18) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

Na semana previa ao comezo das clases presenciais comunicarase ao través da plataforma do centro o Plan a toda comunidade educativa.

Realizarase un consello escolar na primeira semana de setembro no que se presentará o Plan de adaptación o COVID-19 así como o Plan de acollida.

### MEDIDAS DE LIMPEZA

#### 19) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

En horario de mañá: 10:30 a 11:30 horas e de 12:00 a 13:00

Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 2 veces ao día.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, pasamáns, mesas, mobles, etc.

Durante a xornada da mañá, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente.

As medidas de limpeza estenderanse tamén, no seu caso, a zonas privadas dos traballadores.

En horario de tarde, fóra do horario lectivo: 16:30 a 20:00

Limpeza e desinfección de todas as aulas e zonas de uso común (Ximnasio, Pavillón, biblioteca)

Limpeza e desinfección dos despachos.

Limpeza e desinfección da sala de mestres

#### 20) Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas. (no caso de que existan dúas ou mais persoas de limpeza polo menos unha delas realizará o seu traballo en horario de mañá).

Polas tardes realizarase a limpeza dos centros de xeito completo con desinfección. Durante as mañás (10.30 a 11:30 e de 12:00 a 13:00 horas), a tarefa de limpeza serán as seguintes:

Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos 2 veces ao día.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, pasamáns, mesas, mobles, etc.

Durante a xornada da mañá, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente.

#### 21) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.

Todo o persoal de limpeza empregará os elementos de protección aconsellados para levar a cabo o seu labor (Luvas e máscara).

Cada unha terá o seu propio carro cos utensilios básicos.

Empregaranse distintivos sistemas de aviso para indicar a presenza do persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posíbel o seu novo uso.

#### 22) Cadro de control de limpeza dos aseos.

En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán as horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo. Haberá un modelo de chequeo de limpeza de aseos.

#### 23) Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aulas).

O resto da mañá este labor será responsabilidade do profesorado, que antes de cada cambio de aula deberá facer a ventilación e anotala no modelo de chequeo de ventilación.

#### 24) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

Nos baños, aulas, salas do profesorado, secretaría e nas aulas de confinamento haberá unha papeleira específica e diferenciada (con tapa e pedal) para desbotar aqueles elementos de hixiene persoal.

O resto de papeleiras serán de uso habitual para separar o lixo: papel e plásticos

### MATERIAL DE PROTECCIÓN

#### 25) Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

A secretaria do Centro será a encargada de inventariar todo o material de protección do que dispón o centro. Crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado "Material COVID-19".

Material dispoñible:

- Dispensadores de Xel hidroalcolico
- Máquinas desinfectantes nebulizadoras de xel hidroalcolico
- Solución desinfectante para obxectos coma ordenadores, mesas, cadeiras nas aulas.
- Papeleiras con tapa e pedal de apertura en todas as clases e resto de estancias do centro.
- Máscaras e Pantallas protectoras para os docentes como para os alumnos que o necesiten.
- Xabron en todos os WC con panos de papel desbotables
- Batas desbotables para o manexo de abrochos/luvas desbotables.
- Termómetros infravermellos.
- Mamparas de separación en Secretaría (para atención ao público) e na aula de E.Especial.
- Sinalética de distanciamento
- Postes con cinta retráctil para separación de espazos.

## 26) Determinación do sistema de compras do material de protección.

O centro garantirá a existencia de máscaras suficiente como para as posibles contingencias que poidan xurdir. Haberá unha dotación delas en secretaria e na enfermería baixo a custodia do equipo Covid.

O aprovisionamento de máscaras para o profesorado e resto de persoal non docente será individual, xa que esta é de uso obrigatorio para saír da casa.

Outro material específico de protección, pero cun emprego máis específico e limitado, serán as luvas de látex ou vitriolo, que estarán ubicadas nos botiquíns existentes na escola.

## 27) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

### A través da secretaria do centro

Ao inicio de curso realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro do material existente.

Este material será entregado pola secretaria e farase constar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.

En cada aula e espazo haberá un dispensador de xel para a desinfección de mans e material necesario para a desinfección de teclados ou outros utensilios.

O persoal de limpeza xunto coa conserxe serán os encargados de facer as reposicións de xabron e panos desbotable para secar as mans nos baños

## XESTIÓN DOS ABROCHOS

### 28) A determinación das medidas pode ser referida a xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao Plan de contingencia.

Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por

diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno-a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación: levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráse unha máscara cirúrxica ( tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado ), e contactarase coa súa familia, no caso de afectar a alumnado, débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguirase as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2 do protocolo).

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de COVID-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a Xefatura Territorial de Sanidade.

A familia dun neno/a con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houber cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria. Antes de acudir ao PAC, daranlle as indicacións oportunas para o desprazamento e acceso á instalación.

Tras a aparición dun caso de diagnóstico da COVID -19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supor a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos sete días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso de persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñen a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Finalizado o periodo de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

O modelo proposto establece catro fases:

#### 1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización do comedor para o horario da comida.

## 2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

## 3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

## 4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.



Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.

29) Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias a autoridade sanitaria e educativa.

O equipo Covid, coordinado pola Directora do Centro exercerá esta función; en caso da ausencia, na súa representación o Xefe de estudos e de ser necesario o Coordinador de Secundaria

## XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

30) Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

Atendendo ao apartado 9 do protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021 a persoa solicitante do suposto de vulnerabilidade entregará á persoa que exerza a dirección do centro o anexo debidamente cuberto xunto coa documentación que deba achegar.

Esta documentación poderá entregarse de xeito presencial ou enviándoa ao correo do colexio : [cpr.losada@edu.xunta.es](mailto:cpr.losada@edu.xunta.es)

Unha vez revisada e rexistrada, esta documentación será enviada vía mail á xefatura territorial correspondente, en espera da resolución da mesma.

Se procede, tramitarase a solicitude de persoal substituto na aplicación persoal centros reflectindo no apartado observacións a casuística.

## MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

31) Determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

### Edificio de Educación Infantil, Baixada ó capitán 37

O alumnado de EI entrará en distintos quendas e por distintos accesos.

- Grupo de 6º EI entrará entre as 8.30-8,45h pola porta de acceso a planta baixa.
- Grupo de 5º EI entrará entre as 8.30-8.45 h pola porta de acceso a 1º planta
- Grupo de 4º EI entrará entre as 8,50 e 9.05 pola porta de acceso a 1º planta

As saídas do alumnado tamén por quendas e distintos accesos:

- Grupo de 6º EI entre as 14.00-14.15h pola porta de acceso a planta baixa.
- Grupo de 5º EI entre as 14.00-14.15 h pola porta de acceso a 1º planta
- Grupo de 4º EI entre as 14.15-14.25h pola porta de acceso a 1º planta

### Edificio de Educación Primaria e ESO, Baixada ó capitán 31

As entradas o centro escolar farase seguindo o seguinte esquema:

- 8.45 h. - 3º e 4º ESO entrada principal/secretaría
- 8.45 h. - 1º e 2º ESO entrada principal/secretaría
- 8.50 h. - 5º, 6º EP entrada ximnasio
- 9.00 h. - 3º,4º EP entrada polo ximnasio
- 9.10 h. - 1º, 2º EP entrada do ximnasio

As saídas serán polos mesmos lugares que as entradas co seguinte horario:

- -14.10 h. - 1º, 2º EP ximnasio
- -14.30 h. - 3º,4º EP ximnasio
- -14.15 h. - ESO escaleira de incendios e porta principal
- -14.20 h. - 5º, 6º escaleira principal e ximnasio

No caso de que algún alumno chegue o centro fóra da hora que lle corresponde a entrada, esperará á entrada e cando o profesor de garda o indique accederá ao centro.

32) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. (Cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre una copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados a realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao presente documento).

Entradas e saídas de Ed. Infantil: 6º E. I pola porta de acceso ao ximnasio e 4º e 5º pola porta principal

Entradas e saídas de Ed. Primaria: porta de acceso ao ximnasio e circulación pola escaleira principal.

Entradas e saídas de ESO: porta de acceso ao edificio por secretaría e circulación pola escaleira de incendios

Nunca coincidirán a mesma vez un curso entrando e saíndo.

O recreo sempre que o tempo o permita farase no patio

Os sentidos dentro da escola serán de subida e baixada pero sen coincidir nunca un curso nos dous sentidos.

En canto a circulación nas diferentes plantas do edificio sempre se fará polo dereita de un (marcas no chan separando e frechas de sentido)

Para acceder a escola para facer xestións na secretaría, farase en fila esperando quenda, entrada polo entrada principal e saída pola porta do patio (mesma entrada pola esquerda-marcas de separación no chan)

O elevador só se usará en caso de necesidade e farase desinfección unha vez utilizado

### 33) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa ubicación.

Diante de todas as portas de entrada ao centro e nas entradas ás clases haberá un banda no chan que indique a necesidade de deterse antes de entrar, onde tamén se porá un punto de desinfección de mans: xel hidroalcolico

En todo o centro e nos diferentes percorridos posibles, haberá sinalización no chan que indique a distancia de seguridade de 1,5 metros de feito que a marcha se faga sempre seguindo dita distancia.

En todas as clases e en distintos puntos principais de paso do centro haberá paneis informativos das medidas hixiénicas a ter en conta e indicativos do xeito de mobilidade do centro. Nos baños haberá paneis informativos do lavado de mans

### 34) Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado.

Non hai servizo de transporte escolar.

### 35) Asignacións do profesorado encargado da vixilancia.

En todas as etapas os profesores que impartan clase na primeira hora estarán na clase para cando chegue o alumnado.

Todo o profesorado de cada etapa que non imparta clase nas horas de saída ou entrada estará destinado o control das saídas e entradas para a desinfección das mans, para control da distancia de seguridade e do percorrido dos alumnos ata as clases.

O xefe de estudos fará un horario que indique a hora e o lugar onde debe o profesorado realizar o control das saídas e entradas.

Durante o recreo tamén se fará un horario para o profesorado que indique os días e lugares de control onde debe permanecer nos recreos.

## MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

### 36) Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada. As medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente Plan.

O programa madrugadores reducirase ao mínimo de alumnos posibles.

No edificio de E. Primaria e ESO os alumnos permanecerán no pavillón do colexio, cada un dentro da área marcada para tal fin. Subirán a clase no quenda de entrada do seu curso.

No edificio de Educación Infantil o alumnado que asista permanecerán na sala de psicomotricidade do colexio, cada un dentro da área marcada para tal fin. Subirán a clase no quenda de entrada do seu curso.

37) Previsións para a realización de actividades extraescolares fora da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberan ser coordinadas co organizador do servizo.

Non se farán actividades extraescolares no centro, xa que suporía mistura de alumnado de diferentes aulas pertencentes a grupos estables

38) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.

Serán feitas de maneira telemáticas conservando os horarios habituais e tomando acta e medidas de rexistro adecuadas.

No caso de ter que facerse no centro, serán unha vez rematen as actividades do alumnado, e con as medidas de distancia e protección propias dos protocolos do Covid 19

39) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.

Primarase sempre o contacto telefónico ou telemático en horarios escolares e sempre desde medios do colexio no caso do profesor. No caso que se teña que facer presencial, farase no espazo habilitado e sempre en momentos que o alumnado permaneza nas aulas.

As reunións de aula de comezo de curso faranse de xeito telemática. Organizadas por cada titor en coordinación cos profesores de aula.

40) Normas para a realización de eventos.

Debido á organización en grupos de convivencia estable, este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que xuntaban a unha gran cantidade de xente. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido en grupos.

Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente, e correspóndelles aos diferentes equipos docentes a organización deles baixo estas premisas:

- Evitar mesturas de alumnado de diferente nivel, polo que é factible facer celebracións en quendas.
- Levalas a cabo, sempre que o tempo o permita, ao aire libre.
- Facer os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.

- Emprego de medios telemáticos cando sexa preciso.

En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas respecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia localidade e ao aire libre, sendo un bo curso para explotar os numerosos recursos que ofrece o concello e outras entidades.

## MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

Non existe alumnado transportado

## MEDIDAS NO COMEDOR

Non existe servizo de comedor.

## MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

45) Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios, ...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.

Ximnasios marcado con espazos de 1,50 m de diámetro para facer exercicios.

A clase de música, tecnoloxía, debuxo.. realizaranse na propia aula de curso.

Na aula TIC tomaranse algunhas consideracións especiais:

- Suprimíranse os postos dobres, quedando unicamente un posto de traballo por cada ordenador do alumnado. No caso de aulas no que o número de alumnado sexa superior aos postos existentes poderase realizar algún desdobre
- A porta da aula TIC estará aberta a primeira sesión do día e non se pechará, e as ventás abertas na medida do posible.
- Para o acceso á aula seguirase o protocolo de desprazamentos dentro do centro recollido no presente plan co emprego de máscara e ao chegar a aula TI, onde a porta estará aberta, procederase ao lavado de mans con xel hidroalcohólico. Realizado este proceso o alumno ou alumna sentará no posto asignado e esperará ás indicacións do mestre para iniciar a sesión de traballo.
- Antes de rematar a sesión e co tempo suficiente procederase ao apagado das CPU e o mestre dará a cada alumno un pano desbotable para proceder a súa desinfección. O pano desbotable tirarase na papeleira de pedal existente na aula.
- Deberá facerse o mesmo co posto de traballo (mesa e cadeira) para que o seguinte alumnado que asista atope as instalacións en perfecto estado de uso.
- Para rematar o alumnado volverá desinfectar as súas mans antes de entrar a aula ordinario

46) Existirán determinacións específicas para a materia de educación física.

Exercicios que non impliquen o contacto físico. Priorizarase o uso de material individual.

47) Regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo.

Recoller e devolver o alumno á clase de referencia

48) A/s persoas responsable/s da biblioteca establecerá una normas de uso acomodadas as xerais establecidas no protocolo.

49) Utilización de aseos

Poderanse asignar grupos de aseos a alumnado de etapas.

Mantense a distribución de uso segundo o piso onde esta a aula do curso

O aforo nos baños será dun so usuario de cada vez.

Haberá cartelería para informar do correcto lavado de mans.

## MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

50) As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos estables de convivencia.

En E.I. faranse de xeito separado, tres horarios diferentes

En EP. faranse dúas quendas de horario:

10,45-11,15 de 4º a 6º de E.P. en espazos diferenciados

11,45 12,15 de 1º a 3º de EP en espazos diferenciados

Na ESO

11,15-11,45 ESO de 1º a 4º en espazos diferenciados

Nos días de chuvia os recreos serán no patio cuberto.

51) Nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia. Existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable.

A asignación do profesorado elaboraráa o xefe de estudos segundo horario de aula e dos recreos. O profesorado fará sempre as vixilancias do alumnado da súa etapa.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA

52) Inclúranse previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.

En Infantil formaranse grupos de convivencia estable.

Rutinas de entrada: entrarán respectando o establecido para o centro.

Asamblea:

Cos nenos sentados nas mesas, excepto o equipo encargado esa semana de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo.

Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.

Os momentos de desinfección de mans son unha parte importante da xornada estará marcada pola implantación da rutina de desinfección de mans (con xel hidroalcohólico ou auga e xabón), establecendo como mínimos os seguintes momentos: ao entrar na escola, antes da merenda, despois da merenda, antes de ir ao patio, ao voltar do patio, antes de rematar a xornada lectiva. Ademais será recomendable facelo tamén antes de entrar un especialista na aula e tamén antes de abandonar este a aula, levando a cabo a primeira desinfección a titora e a segunda o/a especialista que acuda á aula.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

A distribución do alumnado na aula, será en grupos de máximo de 6 alumnos en función do alumnado total da aula. Eses grupos serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

O alumnado terá unha gabeta individual onde estará o material de uso.

Deberán desinfectarse as pezas e realizar unha ventilación correcta da aula.

Uso de baños:

Todas as aulas teñen o aseo na aula polo que non vai supor ningún problema o seu uso, máis que o control por parte da mestra en canto ao aforo do mesmo, lavado de mans, etc.

Recomendarase o uso da máscara aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.

Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

Material:

Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado.

53) A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá una previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo. Incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda.

O momento da merenda en Educación Infantil poderá ser na aula e será respectando os grupos de traballo da aula.

No caso de ser posible, poderá facerse a merenda no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita

### MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES

54) Nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios alumnos e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención.

Durante este curso a aula de informática será a única de uso común. Cada vez que se faga uso dela será desinfectada posteriormente polos propios alumnos ou profesor e ventilada antes dunha nova utilización.

### NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

55) O equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade.

No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva.

Os grupos de traballo na aula de E.E. estarán formados prioritariamente polo alumnado dun mesmo grupo de aula.

No caso de que sexa preciso xuntar alumnos de dous grupos de aula distintos, ademais das medidas individuais de seguridade terán unha mampara de separación e farán a entrada e saída no aula de xeito independente.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade



No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esburrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía

O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

56) Particularizanse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

Todos os profesores con relación co alumnado de E.E. terán os mesmos protocolos para con que este alumnado que se determinará en función das características particulares de cada alumno.

## PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

57) Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.

Presenciais gardando as medidas de seguridade e con máscaras.

Dependendo do número de profesores presentes na reunión utilizaranse diferentes salas.

As salas de profesores serán dúas, para os profesores de E. Primaria situarase na planta baixa do edificio e para o profesorado de ESO esta na planta primeira. Ámbalas dúas terán un aforo máximo de 8 persoas. Cada un dos profesores deberá ter o seu propio material de traballo. Cando se utilice un elemento común (ordenador, chaves, teléfono..) encargarse da desinfección.

As reunións tamén poden ser de xeito telemáticas cando así se determine pola comisión covid.

O uso das máquinas de comida e bebida quedará permanente suspendido ata remate do protocolo covid.

Despachos de secretaría e dirección serán de uso restrinxido o persoal que alí traballa.

A fotocopiadora será utilizada polo profesorado que deberá hixienizala unha vez utilizada, para elo sempre haberá un pano desbotable e un spray ao carón da mesma

58) O centro incluírá previsións para acomodar ás situacións mais seguras a reunión dos órganos colexiados do centro, mediante o uso de ser o caso de ferramentas de comunicación a distancia.

Claustro: levaranse a cabo no salón de actos. No caso de que a situación o impida, empregarase a comunicación telemática usando a plataforma ofertada

Reunións de etapa (avaliacións, proxectos, departamentos..) farase sempre na aula que permita manter a distancia de seguridade entre os asistentes. Tomando sempre previamente e posteriormente as medidas de hixienización adecuadas.

Consello escolar: farase de xeito telemático. No caso que se precise facer presencialmente farase no salón de actos, que permite que os membros garden a distancia social e poidan reunirse en condicións de seguridade.

Tamén se terá moi en conta a duración, intentando que non se alarguen moito (só se é imprescindible)

## MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGOXICO

59) De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. No plan existira unha previsión das carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.

Todo alumnado do centro recibirá formación específica sobre o COVID-19, as medidas de hixiene, de saúde para previr e manterse fora de contaxios

60) O Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.

Serán comunicadas polos canles de comunicación de uso no centro tanto para pais e nais e profesorado. Plataforma do Centro, páxina web, correo electrónico.

61) O plan determinará o profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación cos asesores de Abalar ou Edixgal e co CAU. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e dixital, como quedou demostrado ao longo do curso 19/20.

En calquera caso, o coordinador do equipo Tics será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica).

O seguinte cadro recolle, ademais da coordinadora TIC, os coordinadores poe etapa:

Coordinadora TIC: Tamara González Navós

Coordinador/a E. Primaria: Rubén Núñez Andrade

Coordinador/A ESO: Tamara González Navós

Coordinador/a E. Infantil: Eva Alonso Lorenzo

62) O plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.

O equipo directivo elaborará o Plan de Acollida que será publicado antes do comezo das clases.

Este documento recollerá horarios de entrada e saída, que serán flexibilizados para poder ter unha mellor organización e facilitar a adquisición de hábitos recollidos neste plan.

Período de adaptación para o alumnado de 4º de infantil.

63) O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.

Este plan de adaptación á situación covid, será publicada na web e na plataforma do centro.

Este plan está suxeito a posibles modificacións posteriores tendo en conta variacións na normativa vixente ou achegas de membros da comunidade educativa que poden melloralo.